



Comunicado do Claustro de profesores/as do IES de Mugardos

Os docentes do IES de Mugardos, reunidos en claustro o martes 17 de xaneiro, ás 15:30 horas, manifestamos que ata o momento traballamos con plena normalidade no cumprimento dos deberes encomendados. Velamos polo cumprimento do normal funcionamento do centro e non temos coñecemento ningún de actuación discriminatoria por parte do equipo directivo, órganos de goberno, departamentos, titorías ou persoal do centro. Rexeitaremos calquera acción que supoña a ruptura da convivencia entre os membros da comunidade educativa.

Mugardos, 17 de xaneiro de 2017